

VIMIANZO

DECEMBRO 2024 • BOLETÍN INFORMATIVO

PÁX. 3
**Aprobados os
orxamentos
de 2025:
9.030.199 €**



**Rematadas as
obras de
renovación total
da rúa Pontenova**

PÁX. 7
**Vimianzo, o
corazón do rural
na comarca de
Soneira**

PÁX. 14
**'8 Miradas', unha
homenaxe ás
mulleres do noso
municipio**

Cereixo abraza o mar: o miradoiro Furna do Sapo xa é realidade



Resultado do miradoiro Furna do Sapo, en Cereixo.

O miradoiro Furna do Sapo, Cereixo, xa é unha realidade. As obras, financiadas con cargo a unha axuda da Consellería do Mar para estratexias de desenvolvemento

local participativo aprobada polo GALP Costa da Morte, remataron no mes de outubro, abrindo unha xanela ao mar. Esta nova construción permite a posta en valor e

a contemplación dun espazo de gran riqueza natural e paisaxística, así como o seu emprego recreativo e didáctico para toda a poboación. Desde el pódese contem-

plar a desembocadura do río Grande xunto a diferentes praias, co océano Atlántico ao fondo.

PÁX. 8-9

Novo achado no Castro das Barreiras: unha fouce

Apenas dez días de comezar unha nova escavación no Castro das Barreiras revelou o achado máis espectacular e relevante dos atopados ata a data: unha antiga fouce. Unha peza de 2.200 anos de antigüidade que confirma as primeiras suposicións sobre o lugar: era un centro de actividade eminentemente agrario. A peza foi considerada de "incalculable valor" polo arqueólogo Tito Concheiro.

PÁX. 11

Vimianzo énchese de maxia e alegría

Vimianzo volveuse, un ano máis, o lugar ideal para celebrar o Nadal. A iluminación encheu de vida as rúas, polas que familias enteras pasean vendo o ceo brillar ao caer a noite. A cativada deslízase sobre a pista de xeo mentres imaxina o deseño da súa gran postal. As parroquias énchense de cantos.

PÁX. 15

Rematadas as obras de renovación integral da rúa Pontenova, en Vimianzo

O Concello de Vimianzo deu por rematadas as obras de renovación integral da rúa Pontenova, do treito urbano desde a AC-552 a Coseiras, en Vimianzo.

Os traballos, que contaron cun orzamento de 233.000 euros, incluíron a renovación do firme da calzada, así como a execución de novas luminarias e a creación dunha rotonda para mellorar o tráfico rodado do lugar. Ademais, colocáronse novos elementos de sinalización, tanto verticais como horizontais.

A actuación mellora de maneira notoria a circulación nesta vía, incrementando a seguridade viaria e a peonil, xa que se construíron sendas a ambos os la-

dos da estrada para que os peóns gocen do seu propio espazo, algo moi necesario. Por último, procedeuse á creación de novos lugares de aparcamento.

O concelleiro de Obras, Urbanismo, Servizo de Iluminación e Parque Móbil, Miguel Ángel Pérez, subliñou a relevancia destes traballos, que "responden a unha demanda da veciñanza e permiten a reordenación do tráfico nunha vía moi concorrida", e asegurou que, así, "incrementouse a calidade dos servizos dos que dispón a nosa veciñanza. O aspecto da calzada é completamente diferente, e isto permítenos observar a necesidade que había de facer esta intervención".

Reordenouse o tráfico e aumentouse a seguridade peonil



Creación dunha rotonda para mellorar a circulación na vía.



Finalizadas as obras de pavimentación en Moreira (Carnés).

As melloras e o coidado do rural: máxima prioridade

Este ano destináronse preto de 300.000 euros á mellora de camiños municipais, cos que se busca mellorar o rural e facilitar os desprazamentos entre as nosas 14 parroquias.

Proxectáronse estes traballos na vía de acceso a Castromil (Salto) e na de Oróns (Bamiro), financia-

dos pola AGADER. Tamén na de Moreira (Carnés), As Lagoas (Cereixo), Castro (Salto), de Cuadra á Bouza (Baíñas), de Tines (Tines) a Vilar (Vimianzo), cofinanciados polo Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024.

Recoñecemento ao gran labor dos nosos equipos de limpeza

Ao longo de todo o ano, os equipos municipais de Vimianzo levan a cabo un importante labor de mantemento, limpeza e mellora do noso concello. Todos os traballadores e traballadoras municipais esméranse en manter as rúas,

parques e espazos verdes en óptimas condicións. Grazas, entre outras cuestións, ao seu enorme labor, Vimianzo foi recoñecido por primeira vez con dúas flores de honra no concurso de Vilas en Flor. O concelleiro de Ornato

Municipal, Manuel Pose, mostrou o seu agradecemento polo seu "compromiso e esforzo diario, que con dedicación e coidado contribúen a crear un espazo agradable e ben conservado, realizando obras de gran valor para todos".



Obras de construción de beirarrúas



Traballos de poda.

Vimianzo aproba o seu maior orzamento da historia: 9 M €

Vimianzo deu luz verde ao maior orzamento da súa historia: 9.030.199,20 €. É un documento realizado co obxectivo de reforzar os servizos públicos, mellorar infraestruturas e apoiar o tecido asociativo. A medida foi aprobada cos votos do grupo de goberno e do PP. O BNG abstívose.

Os fondos inclúen 2,4 M € para persoal, co obxectivo de mellorar os servizos de limpeza e administrativos; 3,6 M € para bens

e servizos públicos, como luz, recollida de lixo e axuda no fogar; e 1,9 M € para investimentos en proxectos clave como a renovación do céspede do campo de fútbol e a mellora de vías en distintos lugares do termo municipal. Unha partida de case 300.000 € destinarase a axudas para actividades culturais, deportivas e de arte e pa-

Un plan madrugador, equilibrado e responsable

lillo, que desempeñan un papel crucial no tecido social do municipio. No que respecta ás subvencións ás asociacións do fomento do deporte e da cultura a suma é de máis de 50.000 €. Para axudas escolares e de natalidade resérvase unha partida de case 50.000 € e para programas de conciliación e actividades sociais su-

man arredor de 150.000 €. Con respecto á escola infantil municipal, destínanse máis de 250.000 €.

A alcaldesa subliñou que as contas se pecharon sen subir impostos e agradeceu o apoio da Deputación da Coruña. Tamén agradeceu o enorme traballo do equipo municipal para elaborar un documento equilibrado e transparente que reflicte as prioridades actuais: "o obxectivo é que Vimianzo siga crescendo".



Imaxe da sesión ordinaria de novembro, na que saíron aprobados por maioría.

As obras da DP-9203: un antes e un despois na seguridade viaria



Imaxe da inauguración das obras.

Este ano díxémoslles adeus de maneira definitiva ás perigosas curvas da vía que une Caxadas con Baíñas. No mes de xullo inauguráronse as obras de ampliación, mellora do trazado e da seguridade peonil na estrada provincial DP-9203, que conecta estes lugares.

A intervención, que supuxo un investimento de 1.558.322 euros, permitiu eliminar as perigosas curvas que presentaba a vía ao seu paso por Padreiro de Abaixo. Para isto construíuse unha variante que permite evitar o sinuoso trazado

que presentaba a vía.

Ademais, procedeuse á construción dunha senda peonil de case dous quilómetros de lonxitude e executouse a renovación da ponte sobre o río Castro, pois a anterior carecía de capacidade para desaugar.

Trátase dun dos proxectos máis ambiciosos realizados pola Deputación da Coruña na rede provincial e unha obra "de vital importancia", asegurou o tenente de alcaldesa, Víctor Manuel Muíño, que afirmou que supón "un antes e un despois" na seguridade viaria.

O Plan Único: destinado a varias melloras

O Concello de Vimianzo destinou os 1.193.983 euros procedentes do Plan Único da Deputación e do POS Adicional 2024 á mellora das infraestruturas municipais. Estes fondos permitiron levar a cabo proxectos de pavimentación, humanización de espazos, melloras en diferentes vías, etc.

Concretamente, os máis de 600.000 euros do Plan Único destináronse á pavimentación de vías municipais: de Tines a Reboredo, unha pista de Treos e a estrada de Arxomil a Carnio. Están tamén incluídas a humanización da rúa Castelao e o acondicionamento do núcleo de Colúns.

No que respecta aos 593.983 euros concedidos no POS Adicional, 322.043 € foron para gasto corrente e 271.939 € á realización de tres proxectos: a construción dun decantador na instalación da administración de Augas de Vimianzo; o mantemento e mellora da estrada de Trasouteiro; e a de Baíñas.

Colúns xa presume de nova pavimentación

O núcleo de Colúns, parroquia de Treos, xa presume de nova pavimentación.

A actuación contou cun orzamento de 108.700 euros e incluíu a renovación do pavimento de toda a zona e o seu acceso, así como a canalización de pluviais e o saneamento do lugar. Procedeuse tamén á sinalización horizontal e vertical correspondente para incrementar a seguridade viaria e peonil.

MELLORAR O RURAL

Esta é a premisa da que parten a meirande parte

das actuacións executadas nestes meses e das que seguirán realizándose no futuro próximo.

Concretamente, esta foi unha obra moi importante para o lugar, xa que supuxo a mellora total da vía, facilitando e favorecendo os desprazamentos, tanto para os turismos como para outros vehículos máis pesados como camións ou tractores que pasan a diario.

Doutra banda, ao mellorar o acceso, creáanse mellores conexións entre os diferentes lugares do termo municipal.

O concelleiro de Obras, Miguel Ángel Pérez, sinalou que “o noso obxectivo é chegar ás nosas catorce parroquias. Ir mellorando, aínda que sexa pouco a pouco, os distintos núcleos que compoñen o noso rural” e manifestou que “consideramos que esta é a mellor maneira de crear máis e mellores conexións entre as zonas urbanas e as rurais, e darlles a estas últimas a mesma calidade de servizos que son ofrecidas nas primeiras, algo fundamental”.



Resultado dos traballos de pavimentación no núcleo de Colúns.

Rematadas as obras de mellora na vía de Romar, en Berdoias

O Concello rematou as obras de mellora da vía de Romar, na parroquia de Berdoias, que supuxeron un importante salto de calidade na superficie.

A actuación, que contou cun orzamento de 136.826 euros con cargo ao Plan Único 2023 da Deputación da Coruña, incluíu a pavimentación con formigón de mallazo nunha superficie de 1.870 metros cadrados.

Ademais, tamén se levou a cabo a canalización para a recollida de pluviais e a instalación de 14 arquetas con sumidoiro e tres pozos.

Os traballos incluíron tamén a execución de dous muros de granito rematados cunha varanda metálica.



Rematadas as obras en Romar.

A actuación completouse, para mellorar a circulación dos vehículos no interior do núcleo e aumentar a seguridade, coa ampliación do ancho da vía e a sinalización vertical correspondente.

A humanización da rúa Castela: moito máis preto

O Concello de Vimianzo sacou a licitación do proxecto de humanización e mellora urbana no primeiro tramo da rúa Castela.

A fase inicial desta actua-

ción dará aspecto de unidade ao conxunto e aumentará as zonas peonís para convivir coa circulación de vehículos. Incorporaranse tamén zonas verdes.



Presentación do Plan de Xestión cunha visita ao lugar.

En marcha o Plan de Xestión dos Penedos de Pasarela e Traba

A Xunta de Galicia presentou nunha visita oficial aos Penedos de Pasarela e Traba o seu Plan de Xestión.

Este instrumento busca definir os principais valores a protexer, os posibles riscos na zona e regular as actividades que se poden realizar neste espazo natural. Trátase do primeiro aprobado en Galicia para garantir a protección e con-

servación dunha paisaxe protexida.

A alcaldesa, Mónica Rodríguez, sinalou que, a pesar de ser un paso moi importante “aínda queda moito por facer. Necesitamos compromisos reais en recursos e investimentos que garantan non só a conservación, senón tamén unha xestión que respecte a singularidade e as necesidades deste lugar”.

O parque empresarial mantén o seu crecemento con nove novas parcelas



O parque empresarial mantén o seu crecemento.

O Concello e SEA continúan traballando de maneira conxunta para para seguir promovendo o crecemento do parque empresarial. Ao longo do ano, mantiveron diversas reunións co obxectivo de formular propostas varias, como o dereito a superficie ou alugueiro con opción a compra.

Estas iniciativas buscan seguir atraendo investimentos e fomentar a creación de emprego.

No eido das adquisicións o parque empresarial continúa medrando con forza. Este ano foron compradas nove novas parcelas que se destinarán ao des-

envolvemento de diversos proxectos empresariais, favorecendo a constante extensión do parque.

Co obxectivo de favorecer estes trámites, nestes doce meses aprobáronse en pleto varias bonificacións do IICIO, unha medida que permite reducir os custos asociados ao desenvolvemento de proxectos empresariais e que busca incentivar o crecemento económico na zona.

Ademais, Vimianzo xa é Concello Emprendedor, o que supón un paso importante para facilitar a tramitación de permisos e outras xestións administrativas.

A construción das naves avanza a bo ritmo.

OBRAS

Máis rendemento lumínico e menor consumo para o parque empresarial

A renovación do alumeadado público no parque empresarial supuxo unha importante mellora no nivel de iluminación e de aforro no consumo de enerxía con respecto á situación anterior.

Para isto, procedeuse a retirar as lumi-

narias existentes e a instalar outros tantos puntos LED de 52 W con temperatura de cor de 3.000 K. Esta óptica está optimizada para o alumeadado viario e conta con control electrónico e protección independente.



A xestión das áreas industriais, en análise desde Vimianzo

A Casa da Cultura acolleu o I Foro Atlántico Empresarial, un espazo no que empresarios, técnicos e representantes das administracións públicas, puxeron en común a situación dos parques empresariais: desde esixencias ou requisitos ata as axudas ás que se pode acceder neste eido.

O obxectivo desta xornada, impulsada por Sue-

lo Empresarial de Atlántico (SEA) foi o de sumar coñecementos e experiencias para construír máis prosperidade e emprego, ordenando o territorio e contribuíndo a fixar a poboación.

A alcaldesa mostrouse “moi agradecida porque SEA pensase en Vimianzo, terra de emprendedores, como o lugar no que inaugurar este foro”.



Foto de grupo no I Foro Atlántico Empresarial.

Promovendo a igualdade a través de diferentes xeracións

Para conmemorar o 8M o Concello presentou o seu propio podcast: '8 Miradas'. Nel recompilase a historia de mulleres do municipio a través dunha conversa gravada co psicólogo municipal, Sergio Trillo. Oito pezas en vídeo protagonizadas por mulleres únicas e con perfís e experiencias moi peculiares. A iniciativa, tal e como explica a concelleira de Benestar Social, María José Pose, ten o obxectivo de "conectar a distintas xeracións a través das historias das nosas veciñas".

Con esta mesma meta, no marco da celebración do Asalto ao Castelo, a rapaza realizou diversos experimentos que lle permitiron atopar os ingredientes para a fórmula da igualdade. Unha vez os descubriron, na xornada do 25N aprenderon a distinguir o maltrato, pintando as súas camisetas para reivindicar a necesidade de acabar coa violencia machista.



Presentación do podcast 8 Miradas.



Pequenos científicos en busca da fórmula da igualdade.



Vimianzo tende a igualdade polo 25N.

As axudas para o comezo escolar chegan aos 35.000 euros

Este ano volveuse incrementar a partida das axudas para o comezo escolar, chegando aos 35.000 euros para o curso 2024-2025. Trátase dun investimento que ten o obxectivo de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar a aquelas familias que teñen máis dificultades para afrontar os gastos derivados do inicio do curso.

Están dirixidas ao alumnado de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos de grao medio e superior, que estea empadroado en Vimianzo e curse estudos en centros públicos.

O carácter desta liña é básico e moi necesario para que o alumnado poida ter as mesmas oportunidades.

Reforzo para a área de Servizos Sociais, que xa conta cun vehículo para desprazamentos



O departamento de Servizos Sociais foi reforzado cun novo vehículo. Está destinado aos empregados da área, que o empregan a diario para diferentes funcións, como visitas a domicilio ou os seguimentos que realiza a traballadora social. O seu custo foi de 27.431, fi-

nanciado con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno. Tamén se reforzaron outras áreas coa adquisición dunha padeadora para tarefas de mantemento e un vehículo agrícola, compartido con Dumbría, para labores de limpeza.



Vimianzo, todo un referente en políticas de atención ás persoas maiores e benestar social

A alcaldesa, Mónica Rodríguez, a concelleira de Benestar Social, María José Pose, e a traballadora social Sandra Abeijón foron convidadas pola UDC para participar nun faladoiro sobre Políticas de atención ás

persoas maiores e Modelos de provisión do benestar co alumnado do máster en Políticas Sociais de Envellecemento. Expuxeron as diferentes iniciativas postas en marcha desde o Concello nestes eidos.

Vimianzo, a capital do rural na comarca

Vimianzo logrou posicionarse como un referente no impulso do rural na comarca, destacando o seu papel crucial na creación de oportunidades e no fomento do emprego. Deste xeito, o municipio consolidouse como un símbolo de revitalización e do recoñecemento do labor das mulleres que, historicamente, foron o pilar dos nosos campos.

RURAL TALKS

Baixo o lema de igualdade, emprendemento e innovación, Vimianzo foi a sede das primeiras Rural Talks da Gira Mujeres, un evento enfoca-

do en capacitar e apoderar ás mulleres rurais. Na xornada abordáronse temas como a creación de novos modelos e a dispoñibilidade de recursos específicos para emprendedoras.

POR TODAS ELAS

En homenaxe ás mulleres rurais, a ilustradora Laura Suárez pintou un tractor do Concello como símbolo de fortaleza e tradición. Este acto, enmarcado na conmemoración do Día Internacional da Muller Rural, honra a todas as bisavós, avoas e nais que, durante xeracións, sostiveron o desenvolvemento

das nosas terras e dos nosos fogares.

RURAL PARA VIVIR

Unha mesa redonda con Mónica Rodríguez, Rosa Sánchez, Ana Antelo (Baíñas), Rocío Méndez (Carnés) e Mar Linares (Tines) puxo en valor as historias de mulleres que, desde o rural, o cal consideran "imprescindible para vivir", desenvolven proxectos de gran impacto no noso municipio. Un encontro que demostra que o futuro tamén se constrúe desde aquí, onde a innovación e a tradición se dan a man para ofrecer opcións de crecemento e desenvolvemento.



Ilustración de Laura Suárez nun tractor de servizo de usos múltiples.



Vimianzo foi a primeira parada da Gira Mujeres Rural Talks.



Mesa redonda polo Día Internacional da Muller Rural.

COLABORACIÓNS

- 1. CRUZ VERMELLA E CÁRITAS**
Bailamos, rimos e mostramos o bo corazón de Vimianzo nunha nova edición da Gala Solidaria
- 2. FUNDACIÓN MUJERES**
Desenvolvemento de talleres do Servizo de Apoio Integral a Coidadoras en Vimianzo
- 3. XUNTA LOCAL DE VIMIANZO AECC**
O Vimianzo máis solidario tinguéuse de verde na andaina e na comida contra o cancro
- 4. DEPUTACIÓN DA CORUÑA**
Reflexionamos e falamos sobre xénero e saúde mental da man das Discordantes
- 5. AS NEMANQUIÑAS**
Máis de 500 palilleiras fixeron later o corazón de terra de Soneira ao ritmo do repenicar dos palillos
- 6. INCIBE**
A Casa da Cultura blindouse cun stand de ciberseguridade con varias zonas para coñecer a materia.

O miradoiro Furna do Sapo: un balcón con preciosas vistas á ría de Camariñas

O miradoiro Furna do Sapo, localizado nunha parcela en Cereixo (Vimianzo) xa é unha realidade. Trátase dunha infraestrutura que lles ofrece aos visitantes unha experiencia única para gozar da beleza natural da Costa da Morte.

As obras, financiadas con cargo a unha axuda da Consellería do Mar para estratexias de desenvolvemento local participativo aprobada polo GALP Costa da Morte, remataron no mes de outubro, abrindo unha xanela ao mar e creando desde case 80 metros de altura un balcón con preciosas vistas á ría de Camariñas.

Esta construción permite a posta en valor e a contemplación dun espazo de gran riqueza natural e paisaxística, así como o seu emprego recreativo e didáctico para toda a poboación. Desde el pódese contemplar a desembocadura do río Grande xunto a diferentes praias e calas, co océano Atlántico ao fondo.



Vistas desde o miradoiro Furna do Sapo á ría de Camariñas.

No que respecta ao pavimento, foi executado nunha superficie total de 38 metros cadrados. É continuo en toda a actuación, formada por grandes táboas de madeira maciza.

Goza dunha panorámica de espazos naturais únicos

Mellorouse tamén a estrada de acceso a este punto, executando unha explanada no treito que comunica co Porto de Cereixo. Para isto, colocouse tamén un muro de contención de pedras de granito.

A concelleira de Turismo, Beatriz Pazos, describe a estrutura como unha "estrutura espectacular que permite contemplar a beleza virxe da Costa da Morte en todo o seu esplendor" ademais, destaca,

Contémplese Vimianzo, Muxía e Camariñas

ca, "de noite deixa ver un ceo estrelado sen igual, en todo o seu esplendor, creando unha experiencia Starlight preciosa xa que o lugar carece de contaminación lumínica".



Vista aérea do novo miradoiro.



Inauguración da placa no miradoiro.

ACREACIÓN

A peza componse dunha estrutura metálica lixeira, formada por perfís laminados para estruturas especiais sobre dous apoios de formigón armado que quedaron ocultos.

A historia agochada en Cereixo, unha xoia natural entre auga doce e salgada

A construción desta estrutura forma parte do proxecto 'Miradoiro ría de Cereixo, interpretación do mar'. Un proxecto co que se pretende poñer en valor a historia do lugar e o seu eterno vínculo co mar.

Cereixo é unha xoia natural localizada entre augas doces e salgadas. Desde o século X ata o XII, a panorámica marítima deste miradoiro foi escenario de saqueos viquingos, creando unha zona inestable e perigosa. Mais no século XIII houbo un punto de inflexión clave: a visita do rei Afonso VIII, que quedou marabillado. A súa carta de poboación deulle tal privilexio que o porto de Cereixo foi volvéndose cada vez máis relevante.

COÑECERA HISTORIA

Con este obxectivo realízase unha ruta 'consciente e interpretada', guiada pola concelleira de Cultura, Rosa Lema, e a técnica de Desenvolvemento Local, Rosa Sánchez.

Durante o percorrido abordouse a historia e patrimonio do lugar e déronse a coñecer algúns deses segredos que merecen ser contados a viva voz. Quen moeu por última vez no seu Muíño das Mareas, cal é a relación de Cereixo co encaixe, co mar ou coa emigración son algunhas das moitas dúbidas que se resolveron nesta xornada tan valiosa para reivindicar

o pasado dun anaquiño da nosa terra.

FORMACIÓN

Con este mesmo obxectivo realizáronse diferentes obradoiros de interpretación do mar. Neles as persoas participantes puideron aprender sobre os tipos de peixes que se poden capturar en Cereixo.

Destá materia tamén foi participe o alumnado dos distintos cursos educativos, para os que se adaptaron unha serie de unidades didácticas sobre a fauna e a flora local.

GASTRONOMÍA

No proxecto non podía faltar un espazo para a gastronomía. Por iso, creouse un recetario no que se recompilan tanto receitas adaptadas coma outras tradicionais, homenaxeando as nosas raíces e a riqueza da terra.




Ruta consciente e interpretada 'Camiñando cara ao mar en Cereixo'.



Obradoiro de interpretación do mar en Cereixo.



Obradoiro de interpretación do mar en Carnés.



O Auditorio: referencia cultural ao longo do ano

O Auditorio de Vimianzo afianzouse coma un espazo clave para a cultura na comarca, ofrecendo unha programación que se estende ao longo do ano e que abarca espectáculos para todos os gustos e idades.

Desde grandes producións teatrais e musicais ata espectáculos de danza compoñen un calendario único, con espectáculos dirixidos tanto a adultos como a familias e público infantil. Deste xeito, a tra-

vés dunha programación estable cada sábado, o Auditorio situouse no máis alto, logrando traer compañías da Rede Escena Norte e teatro financiado polo Centro Dramático Nacional, como pode ser 'Iribarne', de ButacaZero.

UNANO HISTÓRICO

O 2024 foi un gran ano, no que este espazo acolleu, ademais, por primeira vez na súa historia, o Ciclo de Cinema Mestre Mateo, coa

proxección dos mellores filmes do audiovisual galego. Tamén foi a sede da VII edición do Ciclo Nacional de Cine e Mulleres Rurais.



Programación cultural de outono.



Vimianzo acolleu por primeira vez o ciclo Mestre Mateo.

Preto dun centenar de veciños e veciñas participaron na viaxe á Costa do Sol '24



Un grupo de preto dun centenar de veciños e veciñas de Vimianzo tivo a oportunidade de descubrir a beleza e a riqueza

cultural da Costa do Sol durante unha semana chea de actividades e visitas a enclaves turísticos de grande atractivo, como

Ronda, Nerja, Frigiliana e Málaga, onde puideron mergullarse na cultura, historia e gastronomía andaluzas.

A 20.ª edición do Xantar dos Maiores senta á mesa a máis de 1.100 persoas



Un pavillón repleto para celebrar.

Máis de 1.100 persoas reuníronse á mesa para celebrar a 20.ª edición do Xantar de Maiores.

Unha xornada con gran arraigo no municipio que contou con varias sorpresas. A primeira foi unha emotiva homenaxe ás persoas máis maiores, que recibiron un pequeno obsequio. Logo, todos os

asistentes levaron unha imaxe súa enmarcada, realizada nese intre, para gardar sempre no recordo.

A emoción estivo acompañada polas sorpresas

A concelleira da Terceira Idade, Josefa Campos, agradeceu a todas as persoas "por acompañarnos sempre e ser unha parte fundamental para que Vimianzo continúe funcionando día a día".

Presumimos de gastronomía en Fitur



A alcaldesa e as concelleiras de Turismo e Benestar Social en Fitur.

Vimianzo presumiu en Fitur, o evento de referencia a nivel nacional no eido turístico, da riqueza gastro-

nómica do municipio. Alí presentou, 'entre sabores e tradición' algunhas das maravillas do municipio.

Unha antiga fouce posiciónase como o achado máis espectacular das Barreiras



A antiga fouce descuberta na última escavación no Castro das Barreiras.



Arqueólogo traballando na zona na que se realizou o grande achado.

En xuño comezaba unha nova campaña de escavación no Castro das Barreiras. Non ían nin 10 días desde o inicio cando se fixo o descubrimento máis excepcional ata a data: unha fouce de 2.200 anos de antigüidade coa que se reafirman as teorías sobre a natureza agraria do asentamento.

O responsable dos traballos, Tito Concheiro, des-

tacou a importancia deste achado para entender a vida diaria no Castro.

Sinalou que este "foi un centro de explotación agrícola. Os seus habitantes almacenaban e distribuían colleitas, adiantándose así ao mundo da Antiga Roma".

Este achado sitúa o lugar coma un referente, dotándoo dun valor único "non

hai unha peza semellante en toda a comarca", sinalou o arqueólogo, engadindo que a peza ten un potencial museístico incalculable.

HISTORIA

A peza foi descuberta na cabana número cinco das sete identificadas no xacemento. Atopouse no exterior e ao nivel de ocu-

pación, o que suxire que quedou tal e como a deixaron os seus habitantes.

Este elemento permite profundar en maior medida no seu estilo de vida, engan-

dando un capítulo importante á historia da comarca e confirmando o papel central que este castro xogou na organización agraria e social da época.

Un Castelo cheo de vida: actividades e visitas que forman parte da súa historia

O Castelo mantívose, un ano máis, como epicentro da nosa actividade cultural.

Neste espazo tan emblemático desenvolvéronse actividades de exaltación da artesanía galega, con talleres para coñecer e traballar distintos materiais.

Como vén sendo habitual, tampouco faltaron as visitas teatralizadas da man das Quinquilláns, unha maneira única de coñecer a fortaleza. Estas completáronse

coas visitas tradicionais.

Durante esta tempada, ademais, o Castelo foi a sede dos concertos musicais do Vimiansol, acollendo citas de gran calibre como o grupo Eburnie, os Delta Blues ou o Trío Alana.

Non debemos esquecer, por suposto, un dos momentos máis especiais e agardados do ano: o Asalto ao Castelo, unha cita marcada en vermello nos calendarios que este ano logrou

coroarse coa participación de artistas de talla mundial.

MOITO ESFORZO

A concelleira de Turismo, Beatriz Pazos, quixo agradecer "a todas as persoas que integran os equipos da área de Turismo e de Cultura, con Mariví Amigo e Nieves Lema á cabeza. A todas as traballadoras e traballadores municipais que ao longo do ano fan posible que o Castelo estea cheo de artesanía, de historia e, en resumo, de vida".



Clausura das visitas teatralizadas ao Castelo dos Quinquilláns.



Inauguración da exposición 'Do castrexo ao medieval'.

Un Roteiro pola beira do río para coidar a saúde

O Concello presentou en maio un Roteiro Saudable realizado en colaboración co centro de saúde.

Trátase dun tramo sinalizado co obxectivo de habitar a veciñanza, especialmente a máis maior, a facer exercicio físico de maneira regular e constante.

O roteiro, de carácter circular, ten unha distancia de 3.7 quilómetros que transcorren fundamentalmente polo paseo fluvial e por rúas que rodean o núcleo urbano de Vimianzo, todas dotadas de beirarrúas e iluminación para garantir, así, a seguridade das persoas usuarias.

Durante a ruta faise fincapé nos múltiples beneficios de camiñar, como: prevención de enfermidades, benestar físico, redución da obesidade ou mellora do estado de ánimo. Ademais, tamén se recollen algunhas recomendacións da OMS.



Presentación do Roteiro Saudable.

Clausura con éxito de participación no Vimiverán máis polifacético da historia



Especial Asalto ao Castelo, Vimiastronomía, Vimideporte, Vimidixital e Vimichef foron as diferentes modalidades ofrecidas nuns campamen-

tos que foron clausurados con éxito total de participación nas catro quendas.

Unha iniciativa que favorece a conciliación para moitas familias mentres

a rapazada aborda temas fundamentais para a vida en sociedade como a diversidade, a igualdade, o medio ambiente ou a inclusión, entre outros.

Descubrinto o potencial natural e patrimonial de Vimianzo a pé



A Noite de Petros, en Berdoias.

Unha nova edición da 'Noite de Petros' permitiunos descubrir a fascinante historia dos petróglifos de Berdoias e Boallo, admirando estas antigas manifestacións rupestres e gozando dunha noite máxica repleta de aprendizaxes.

Ademais, os 'Recunchos'

de Verán e Outono permitiron aos participantes coñecer en profundidade a riqueza que atesoura o noso municipio. En cada camiñada, os asistentes mergulláronse na diversidade natural, cultural e patrimonial do territorio, formando parte da historia local.

Ultimando detalles para que a pista de atletismo sexa homologada

A comunidade deportiva está máis preto de contar cunha instalación de atletismo moderna e homologada. A obra, que se atopa nunha etapa moi avanzada, inclúe unha pista curta, de 200 metros de corda, e unha pista de velocidade na parte central. Ambas están xa construídas.

Na planificación do proxecto contémpase tamén unha zona dedicada ao salto de lonxitude e ao lanzamento de peso, que serán construídas proximamente. Ademais, nunha segunda fase do proxecto, procederá á instalación do tartán, un material sintético que garantirá un óptimo rendemento e seguridade nas pistas.

Con estas obras búscase fomentar a práctica deportiva e posicionar Vimianzo como un referente no ámbito do atletismo.



O concelleiro e o técnico municipal de Deportes supervisando as obras.

Trátase dun proxecto moi relevante e que pode abrir grandes oportunidades para os atletas locais.

O concelleiro de Deportes, Sergio Miñones, asegurou que "ter unha pista homologada significa que poderemos albergar com-

peticións oficiais, ademais de mellorar os adestramentos dos nosos deportistas. Estou seguro de que isto será unha gran motivación para todos os nenos e nenas que están a comezar no mundo do atletismo a continuar e mellorarse a si mesmos cada día".

Os dúatlons vimianceses forman parte do Campionato Galego

Vimianzo consolídase como referente dos dúatlons con dúas probas que xa forman parte do Campionato Galego. Cada ano son máis os deportistas que se animan a participar e elevan o nome do municipio ata o máis alto do panorama deportivo galego.

É o debut nesta competición do Dúatlon Val de Soneira, dando un salto cualitativo ata o máis alto nivel.

O Dúatlon de Reis, a primeira gran proba deportiva do ano, xa ten experiencia na competición. Este ano terá lugar o 12 de xaneiro, unha cita sinalada



Liña de saída do Dúatlon de Reis.

no calendario por centos de deportistas.

Ademais, as dúas competicións destacan pola forte aposta pola inclusión, facendo das probas un espazo aberto e accesible.

Sergio Miñones subliñou que "traballamos para ser unha referencia non só no deporte de alto nivel, senón tamén na promoción de valores como a igualdade de oportunidades".

Vimianzo, sede dunha proba do Campionato de Trial

Vimianzo estreouse como sede do Campionato Galego de Trial cunha proba organizada polo Moto Club 'O Petouco' en colaboración coa Federación Galega de Motociclismo e o Concello.

A competición reuniu a 42 pilotos de toda Galicia

que se enfrontaron nun circuito pechado repleto de rochas, barro e auga. Estes elementos puxeron a proba as habilidades dos deportistas en cada categoría, desde alevíns ata TR1, TR2, TR3, TR4, TR5 e CLB. Percorron o circuito en tres voltas.



Un dos participantes subindo unha rocha no monte Faro.

O Concello reforza o seu apoio aos clubs de fútbol locais

O Concello destinou este ano 20.000 € para reforzar o apoio aos clubs de fútbol para que estes poidan, así, garantir unhas condicións óptimas na práctica depor-

tiva e fomentala entre diferentes categorías.

Exemplo foi a S.D. Soneira, que marcou un antes e un despois coa creación do seu equipo feminino.



O equipo feminino da S.D. Soneira Club de Fútbol debutou esta tempada.



Participantes no Día da Bici polas rúas do municipio.

Manu Chao no Asalto ao Castelo: un soño feito realidade

A XXVII edición do Asalto ao Castelo foi completamente inesquecible. Un evento que logrou congrega a persoas berrando para entrar na fortaleza, con paixón e reivindicando liberdade. Todas elas conscientes de que os soños poden chegar a facerse realidade, despois de ver en directo un concerto de Manu Chao en acústico que quedou gravado para sempre na historia.

Unha xornada única na que deron continuidade Boikot, Süne e Festicultores, posicionando o cartel deste ano á altura dos

grandes festivais de todo Galicia.

MÁIS ALÓ DA MÚSICA

Son dúas xornadas de tradición e de sentimento irmandiño. Comezou coa gran cea medieval, que reuniu no foso a centos de persoas. Continuou con actividades, talleres e moita troula.

O traballo de moitos meses concéntrase nestes dous días que, cando rematan, só pensamos en que regresen. Grazas aos e ás participantes. Grazas, Axvalso e Cherinkas, por facelo posible. Que comece a conta atrás.



A cea medieval, unha das grandes citas da programación.



O público vibrou co concerto de Manu Chao en acústico.

Parrillada Montevideo, Casa Landeira e Lagar de Manuela: os mellores pinchos irmandiños

O voto popular entregou o primeiro posto do concurso de Premios Irmandiños á parrillada Montevideo coa súa 'Espetada pecaminosa dos Altamira'. Casa Landeira e Lagar de Manuela ocuparon o segundo e terceiro lugar no podio.

Foliada, concertos e tradición nunha Muiñada para a historia

A novena edición da Muiñada alongouse unha noite máis, a da véspera.

Durante estes dous días os muiños foron os grandes protagonistas dunha festa que contou con contos de taberna, panillada, contacontos para a rapazada, campionato de debullado de millo e moita, moita música. Dous escenarios e artistas como Unto Vello, Crua, Ailá e De Ninghures fixeron desta unha Muiñada que, definitivamente, quedou para a historia.



O Palco da Maquía acolleu a noite de concertos.

Impulso ás festas locais con máis axudas para 2025

O Concello reuniuse coas comisións e asociacións organizadoras de festas para planificar as axudas de 2025, que incluírán un aumento significativo e chegarán ata os 100.000 €. Ademais, no encontro informouse de que as axudas de 2024 xa foron xestionadas e pagadas.

As de 2025 incluírán patrocinios específicos para música e baile tradicional, ademais de apoios para a limpeza dos campos de festa nos casos nos que as

comisións asuman esa responsabilidade. De non ser así, será o propio Concello quen se encargue.

O edil de Festexos, Sergio Miñones, agradeceu o esforzo das comisións e asociacións que fixeron posible que neste ano tivesen lugar máis de 60 celebracións e destacou que "con estas medidas reafirmamos o noso compromiso coa preservación das tradicións locais e o apoio a quen fai posible que se manteñan no tempo".

Vimianzo encheuse de luz para recibir a época máis máxica do ano

O Nadal chegou a Vimianzo por todo o alto e con grande ilusión. A pista de xeo natural, instalada na Praza do Concello, converteuse no epicentro da diversión para nenos e nenas de toda a comarca, que gozan deslizándose nela mentres as rúas brillan coas fermosas luces que enchen de espírito de Nadal as rúas de todo o municipio.

Ademais, como vén sendo habitual, o comercio local e a hostalaría acompañan o ambiente festivo cunha campaña para

fomentar as compras locais: o Mercabolas. Trátase dunha iniciativa clave nestas datas tan especiais para todos e todas.

As compras realizadas nos locais adheridos inclúen un ticket-bóla que os clientes poden trocar por vales no Bombo de Nadal, situado no Recuncho Gastronómico. Esta iniciativa trae centos de vales desconto e máis de 300 agasallos como: cestas de Nadal, un secador, unha bicicleta, unha fritidora de aire e mesmo unha televisión.



As luces acendéronse para marcar o comezo do Nadal.



Vimianzo converteuse nunha gran festa para os máis pequenos.



A hostalaría e o comercio únense na campaña Mercalume.

Os cantos de Nadal percorren as parroquias con A Trubisquiña

A Asociación A Trubisquiña foi a encargada de levar a alegría e a maxia do Nadal polas 14 parroquias de Vimianzo cos Cantos de Nadal. O pasado luns 16 de decembro comezaron en Carnés e, desde entón, percorren cada parroquia achegando a música local aos nosos veciños e veciñas. Unha proposta que, como cada ano, converteu estas festas nunha experiencia máis especial para toda a veciñanza.



O grupo tradicional 'A Trubisquiña' percorreu todas as parroquias.

Carla Túñez Andrada, mellor postal de 2023

O pasado 2023 Carla Túñez Andrada logrou facerse co premio de Mellor Postal do ano. Fíxoo cunha representación do Nadal en Vimianzo, mos-

trando a tradicional árbore de praza do concello e os demais adornos, como as dúas árbores de luce da entrada ou o recuncho gastronómico.



Imaxe da entrega de premios en 2023.

VIVE O NADAL EN *Vimianzo*

23 DEC.

- ❄️ 17.00 a 19.00 h. - Animación con Papá Noel nas rúas do Concello
- ⬆️ 19.00 h. - Cantos de Nadal con Trubisquiña na Praza do Concello

24 DEC.

- 🎄 11.00 a 13:00 h. - Festa de Papá Noel co Teatro Calavera na Praza do Concello
- ⬆️ 12.30 h. - Recepción de Papá Noel
- ❄️ 17.00 a 19.00 h. - Animación con Papá Noel na Praza do Concello

27 DEC.

- ⬆️ 19.00 h. - Presentación do libro 'Promesas de outra vida' de Lucy Fidalgo na Casa da Cultura
- ❄️ 20.00 h. - Ciclo Cine Mestre Mateo 'Os espazos en branco' na Casa da Cultura
- 🎄 21.00 h. - Concerto de Nadal con Irma Macías e Luís Pinto na Praza do Concello

28 DEC.

- ❄️ 21.00 h. - Concerto 'Coídos' con Javier Sampedro e Suso de Quinito na Praza do Concello

29 DEC.

- ⬆️ 17 h. - Festa Infantil de Nadal con Divirtt na Praza do Concello

31 DEC.

- 🎄 Festa Infantil de Fin de Ano con Home Orquestra ás 12.00 h na Praza do Concello
- ⬆️ Badaladas de Fin de Ano ás 13.00 h

3 XAN.

- ❄️ 17.00 h/19.30 h. - Musical infantil 'Frozen - la reina del hielo' na Casa da Cultura. Entradas en ataquilla.com. Prezo desde 15,60 €
- ⬆️ 21.00 h. - Concerto Dúo de Festa na Praza do Concello



BOAS FESTAS!



Estas datas son unha oportunidade única para dar as grazas. Por iso, eu, como alcaldesa de Vimianzo, quero darvos as grazas a todos os vimianceses e vimiancesas que facedes do noso concello un lugar único para vivir. Quero aproveitar este espazo para agradecer, publicamente, ao gran equipo que me rodea. Aos meus compañeiros de goberno e a todos os traballadores e traballadoras municipais que, con esforzo e moita dedicación, conseguen que sigamos avanzando. Estou profundamente orgullosa de cada un de vós. Brindamos porque o 2025 veña repleto de saúde, ledicia e moitos proxectos compartidos. Que os nosos fogares sigan cheos de solidariedade, empatía e respecto. Moitas grazas por confiar en nós. Xuntas e xuntos seguiremos facendo grande o noso Vimianzo.

Bo Nadal e próspero Aninovo!
Mónica Rodríguez.



5 XAN.

- 🎄 11.00 h. - Concerto de Reis da Orquestra infantil da Sinfónica de Galicia na Casa da Cultura
- ❄️ Cabalgata de Reis

4 XAN.

- ❄️ 21:00 h. - Concerto 'Christmas Specials' de Broken Peach na Praza do Concello